

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua  
Do compromiso individual aos argumentos  
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 11:45 h

**A necesaria perspectiva individual na defensa dos nosos dereitos**

Beatriz Vilaverde Santamariña

A Mesa pola Normalización Lingüística

A Mesa pola Normalización Lingüística<sup>1</sup> naceu hai máis de 23 anos como unha plataforma independente, plural e apartidaria que ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma.

A asociación actualmente conta co apoio de máis de 3500 socios e socias –o que a converte na maior asociación cultural de Galiza–, e pertence á Axencia Europea das Linguas Minoritarias (EBLUL)<sup>2</sup>, que ten rango de organización consultiva da ONU e do Consello de Europa, entre outras institucións.

Desde o seu inicio, a Mesa realiza labores de sensibilización e de presión democrática para evitar a exclusión da lingua propia de Galiza e a discriminación das persoas que a empregan. Histórica foi a concorrida manifestación do 17 de maio deste ano baixo o lema “O galego, a nosa columna vertebral! O idioma que nos une!” onde se reuniron arredor de 50.000 persoas para protestaren polas políticas de involución lexislativa anunciadas polo goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo para menoscabar a oficialidade do galego. Tamén a base social máis nova da entidade participa activamente a través do grupo da “Mocidade pola normalización lingüística” como xa se demostrou na alta participación da folga convocada en novembro do ano pasado para exixir o cumprimento do ameazado Decreto pola galeguización do ensino, ou as case 26.000 sinaturas recollidas a favor do “Manifesto a prol da

---

\* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#) 

---

<sup>1</sup> <http://www.amesanl.org>

<sup>2</sup> <http://www.eblul.org>

convivencia lingüística e da igualdade de dereitos para o galego” (ao que todos e todas vos podedes subscribir a través do web da Mesa<sup>3</sup>).

Manifestación “O galego, a nosa columna vertebral. O idioma que nos une”  
(17 de maio de 2009)



Folga polo cumprimento do Decreto do galego no ensino  
(26 de novembro de 2008)



## OS DEREITOS LINGÜÍSTICOS E O GALEGO

Hai catro meses unha muller foi detida en Arabia Saudita por conducir un coche<sup>4</sup>. Este feito aberrante aos nosos ollos é consecuencia da desigualdade entre sexos lexitimada pola lexislación deste estado. Acaso ten menos dereitos unha muller árabe ca min? Obviamente non.

A comunidade internacional ten recoñecidos determinados valores ou dereitos como indispensábeis para que a nosa existencia como persoas se produza cunhas garantías mínimas de dignidade. Este compendio de valores e dereitos foi sintetizado na Declaración universal dos dereitos humanos, onde a

<sup>3</sup> <http://www.amesanl.org/campanhas/convivenciaeigualdade.htm>

<sup>4</sup> <http://www.arabnews.com/?page=1&section=0&article=119915&d=5&m=3&y=2009>

comunidade internacional consensuou o recoñecemento destes puntos mínimos. Nos dous primeiros artigos di: “todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma...” entre outros.

Esta Declaración foi aprobada en 1948, mais o dereito á non discriminación por razón de sexo foi a finais dos anos 70 cando se viu reflectido na lexislación do Estado español. Tiñan menos dereito as nosas nais cando tiñan 20 anos que agora con 60 a seren propietarias dun piso sen lle pediren permiso aos seus homes? O dereito tíñano, só que daquela a lexislación non llelo recoñecía. Só quero incidir nisto para reflexionarmos que unha cousa é o dereito fundamental e outra a lexislación que se desenvolve nun territorio, e que esta discrepancia que moitas veces existe entre os dereitos e as leis afectan tamén ás comunidades lingüísticas e ás falantes.

A Mesa realiza un labor en defensa dos dereitos lingüísticos tomando estes como o dereito fundamental de todo cidadán e cidadá ou sociedade a empregaren e desenvolveren en todos os ámbitos sociais a súa lingua propia. Concibimos os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes como os de calquera outra comunidade lingüística do mundo, baseados en criterios de igualdade e nos principios dos dereitos humanos fundamentais.

Existe un grande movemento a nivel mundial que propón e defende este concepto de ‘dereito lingüístico’. Hai trece anos A Mesa participou no Congreso Mundial de Dereitos Lingüísticos en Barcelona nunha iniciativa promovida polo PEN Club International e o Ciemen e que contou co apoio da Unesco. Neste congreso aprobouse a Declaración universal dos dereitos lingüísticos, aínda non asumida formalmente por ningún estado, onde tal e como cita no seu preámbulo, nace co fin de “propiciar un marco de organización política da diversidade lingüística baseado no respecto, a convivencia e no beneficio recíprocos”.

Artigo 5. Esta declaración baséase no principio de que os dereitos de todas as comunidades lingüísticas son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais ou minoritarias (...)

A pesar desta Declaración, as lexislacións lingüísticas son heteroxéneas e en moitos casos incoherentes de Estado a Estado e mesmo de Administración a Administración. No Estado español, por pór só un exemplo de discriminación lexislativa mais de enorme importancia, o español é segundo a Constitución a única lingua que os españois teñen a obriga de coñecer mentres que os cidadáns dos territorios con máis linguas oficiais só temos o dereito a usarmos estas.

En canto á comunidade lingüística galega, podemos falar de até catro recoñecementos diferentes segundo a Comunidade Autónoma onde se falar: Galiza, Castela e León, Asturias e Estremadura. Así, o estatuto xurídico do idioma galego vai desde o recoñecemento de lingua propia e oficial no territorio galego, con desenvolvemento lexislativo posterior como a Lei de normalización lingüística, a un certo recoñecemento estatutario ou en leis posteriores aos estatutos nas outras comunidades autónomas: “patrimonio lingüístico”, e como tal a provisión de respecto e protección nas zonas galegofalantes na Comunidade de Castela e León<sup>5</sup>; “Ben de Interese Cultural”<sup>6</sup> en Estremadura (baixo o nome de “A Fala”), ou “lingua susceptíbel de protección, respecto, tutela e desenvolvemento”<sup>7</sup> en Asturias (baixo o nome de “gallego/asturiano”). Nestes últimos territorios evítase chamar á lingua “galego”; no caso asturiano emprégase un termo que semella máis designar un híbrido de linguas (gallego/asturiano) do que unha variante xeográfica (galego de Asturias), e no caso estremeño chégase a negar a adscrición da Fala ao mesmo sistema lingüístico que o galego.

Se vincularmos o concepto de “dereito lingüístico” á lexislación vixente no caso da nosa lingua, teriamos que distinguir mesmo varias categorías de cidadáns e cidadás de acordo ás leis dos territorios onde viviren e con iso non faríamos máis que reproducir e lexitimar un modelo socio-político que discrimina a cidadanía.

---

<sup>5</sup> <http://www.amesanl.org/lexislacion/eacl.html>

<sup>6</sup> <http://doe.juntaex.es/pdfs/doe/2001/360O/01040052.pdf>

<sup>7</sup> <http://www.boe.es/boe/dias/1998/04/30/pdfs/A14573-14576.pdf>

A pesar de ter establecido en Galiza un marco legislativo arredor da súa lingua propia, co Estatuto de Autonomía e a Lei de normalización lingüística, aprobadas en 1981 e 1983 respectivamente, só foi despois de 21 anos cando se aprobaron unha serie de medidas co fin de desenvolver actuacións concretas (aínda que escasas e sen marcar prazos nin responsábeis), dentro do Plan xeral de normalización da lingua galega. Debemos lembrar máis unha vez que este Plan foi aprobado por unanimidade no Parlamento galego no ano 2004, durante a última época Fraga e con Núñez Feijóo no seu goberno.

Estamos a falar dun período de case trinta anos de oficialidade da nosa lingua no territorio administrativo galego. Mais en todo este tempo foron innúmeras as conculcacións dos dereitos dos usuarios e usuarias da lingua propia de Galiza, e ante as que moitas veces só se recibiu a pasividade das Administracións e mesmo o intento de invisibilización dos propios dereitos, como se estes non existiren ou foren dereitos de segunda ou terceira.

## O TRABALLO DA LIÑA DO GALEGO

Desde os comezos da Mesa, a cidadanía galega dirixiuse á asociación para comunicar vulneracións do seu dereito a empregar o galego ou discriminacións sufridas por este motivo. Por iso, co obxectivo de sistematizar este servizo e grazas á colaboración co Observatorio dos Dereitos Lingüísticos do Euskera<sup>8</sup> e do seu servizo do “Teléfono do euskera”, A Mesa pola Normalización Lingüística puxo en funcionamento A Liña do Galego en novembro de 2007.

Este é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación que atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran, así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Coa Liña quérese afortalar o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país. A idea de que hai dereitos lingüísticos en Galiza, tanto individuais como colectivos, non

---

<sup>8</sup> <http://www.behatokia.org>

está asentada, canto máis nos territorios onde nin sequera teñen recoñecemento legal estes dereitos. Moitas persoas galegofalantes continúan a considerar normal a exclusión do seu idioma e iso é algo que queremos axudar a mudar, porque cando a poboación non é consciente dos seus dereitos, existe un déficit democrático que cómpre corrixir.

No artigo 3 da Declaración universal dos dereitos lingüísticos considéranse como dereitos persoais inalienábeis e exercíbeis en calquera situación os que seguen (ademais dos recoñecidos dos Pactos Internacionais dos Dereitos Humanos):

- O dereito a ser recoñecido como membro dunha comunidade lingüística;
- O dereito a relacionarse e asociarse con outros membros da comunidade lingüística de orixe;
- O dereito a manter e desenvolver a propia cultura;
- O dereito ao uso do propio nome;
- O dereito ao uso da lingua en privado e en público.

A Mesa vén desenvolvendo un traballo constante para conseguir a garantía destes dereitos, coa colaboración e o impulso de colectivos no galego exterior (como Fala Ceibe ou A Mesa pola Defensa do Galego de Asturias), coas persoas galegofalantes na emigración (coas zonas da Mesa en Catalunya ou Madrid, ou con colectivos como Fillos de Galiza ou centros galegos) e con outros países da comunidade lingüística galego-portuguesa (sobre todo a través da Fundación Via Galego<sup>9</sup>). Mais agora só me vou centrar nos dous últimos dereitos que citei: o dereito ao uso do propio nome e o dereito ao uso da lingua en privado e en público, pois son os casos que estamos a tramitar na Liña do Galego.

---

<sup>9</sup> <http://www.viagalego.org>

## O DEREITO AO USO DO PROPIO NOME

Na interacción co medio, as galegas e os galegos fomos desenvolvendo unha lingua de noso con que contribuímos á humanización deste espazo mediante o nomeamento de todos os seus recantos (estímanse en máis de millón e medio os topónimos galegos). Mais a relación de equilibrio entre o pobo galego e o territorio foi sufrindo agresións de todo tipo, con resultados tan alleos como os somieres nas cancelas e as bañeiras no medio dos campos.

Estas agresións tamén se deron na fala e na escrita, e producíronse cando os terreos abondosos de seixo deixaron de se chamar O Seixal polo escuro *\*El Seijal*, sen significado ningún, ou o territorio que nun momento tivo árbores chamadas teixos (Teixeiro, Teixedo) se converteu nun vacío *\*Teijeiro* ou *\*Tejedo*. Galiza inzouse de feísmo lingüístico, mais grazas á Lei de normalización lingüística, desde o ano 1983 os topónimos galegos só teñen como forma oficial a galega. A pesar disto, hoxe en día unha boa parte das queixas que recibimos na Liña do Galego están referidas ao uso de toponimia deturpada tanto en entidades privadas como en entidades públicas, nomeadamente da Administración estatal, aínda que temos casos abondosos do resto de administracións.

Un dos últimos casos que recibimos sobre feísmo lingüístico foi o da listaxe de empresas alimentarias inscritas na Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición<sup>10</sup>, que é unha entidade dependente do Ministerio de Sanidade e Consumo. As empresas dun mesmo concello segundo esta listaxe poden estar no Valadouro ou en *Valle de Oro*, en Outeiro de Rei ou nos ficticios *\*Otero de Rey* ou *\*Outeiro de Rey*; en San Sadurniño ou *San Saturnino* e moitos, moitos máis.

Xa o ano pasado, a raíz das queixas recibidas polo uso de toponimia deturpada, propuxémoslles á Consellaría de Administracións Públicas, á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Fegamp que espallasen a existencia

---

<sup>10</sup> [http://www.aesan.msc.es/rgsa/formulario\\_principal\\_js.jsp](http://www.aesan.msc.es/rgsa/formulario_principal_js.jsp)

do nomenclátor oficial de Galiza entre o funcionariado de todas as Administracións, pois non hai excusas de ningún tipo cando a información toponímica de concellos, parroquias e lugares galegos está dispoñíbel nun só clic na páxina web [www.xunta.es/toponimia](http://www.xunta.es/toponimia). Non recibimos resposta nin vimos tampouco que se fixese ningunha campaña neste sentido.

Os nomes tamén padeceron o proceso de castelanización imposto até o ano 1977, pois até este ano era obrigatorio que toda a cidadanía do Estado español se inscribise no Rexistro Civil con formas castelás. Deste xeito, eran moi frecuentes as situacións de dualidade identitaria: a quen se lle chamaba Xacobe ou Catuxa na casa era inscrito no Rexistro Civil como Jacobo ou Catalina. Máis unha mostra do feísmo lingüístico, desta vez na nosa propia identidade.

A pesar de que na toponimia se están a recuperar as formas propiamente galegas, na onomástica persoal perviven aínda os efectos dunha oficialidade que non recoñecía dereitos á nosa lingua. Coa lexislación actual temos a posibilidade de recuperarmos o noso patrimonio e de nos achegar de novo á nosa verdadeira historia.

Ás veces, a presión familiar e das amizades leva a que non nos decidamos a acudir ao Rexistro Civil para destapar as formas orixinais do noso nome; mais é un paso necesario para recuperarmos a nosa memoria que se remonta a séculos e séculos de historia e eliminarmos o feísmo dos nosos nomes e apelidos.

A historia familiar non é só a dos nosos pais, avós ou trasavós... vai moito máis aló, pois nós somos o produto do devir de todos os nosos antergos. Hai séculos ou décadas, as nosas devanceiras sufriron a perda da súa identidade cando ficaron rexistradas na escrita oficial cun nome ou apelido que non era de seu. Agora está en cada unha de nós recuperarmos e reconstruímos o elo partido.

Outra das xustificacións que se dan para non recuperar a propia onomástica galega é a de que é un proceso longo e custoso. Hai xa anos que isto non é así:

o proceso dura só unhas poucas semanas (depende o Rexistro) e non ten ningún custo económico para a persoa solicitante. Tampouco é necesario agardar á renovación do DI para o solicitar, pois a regulación dos nomes e dos apelidos é un trámite ordinario que se pode levar a cabo sen estar sometido a prazos prescritos. Decidir o momento é exclusivamente persoal.

Porén, ben certo que hoxe en día recollemos aínda casos de problemas coa recuperación da nosa antroponimia. Hai pouco chamounos unha nai porque o seu neno xa tiña 20 días e a xuíza encargada do Rexistro Civil de Vigo aínda non aceptaba o nome Xeres para o naipelo. 'Xeres' é un potamónimo, ou sexa, o nome dun río, como tamén o serían Ulla, Dubra ou Sarela, admitidos estes na obra *Diccionario dos nomes galegos*. Como ben sabedes, este libro é autoridade en canto ao seu contido: todos os nomes que recollen son as formas galegas admitidas, mais algúns encargados de rexistro non o deberon ler enteiro, ou cando menos o seu magnífico prólogo. Aí os autores consideran "que é coherente co corpus antroponímico que temos que autorizar novos nomes derivados de topónimos". Finalmente, os pais recorreron o auto que os obrigaba a lle pór outro nome ao neno achegando un informe onomástico e aínda non sabemos o resultado.

Do mesmo xeito, tamén detectamos algunha mostra de descoñecemento do proceso de galeguización ou corrección da antroponimia nos propios rexistros, como é o caso, precisamente, do Rexistro Civil de Carballo. Unha persoa traballadora deste departamento indicoulle a alguén que solicitaba o cambio do seu apelido que iso non se podía facer, e díxolle algo así como "que despois a onde lle ían chegar as facturas".

En todo caso, estas mostras son sintomáticas de que non se está a reforzar este servizo sobre todo coa sensibilización ou coa formación adecuada das persoas encargadas dos Rexistros. Tamén lle fixemos chegar estas consideracións á Consellaría de Xustiza, mais de aquí tampouco recibimos resposta nin vimos emprender actuacións neste eido.

Tamén me gustaría comentar por enriba as numerosas consultas que recibimos na Liña sobre unhas supostas subvencións por lles pór un nome en galego aos naipelos. Se cadra xurdiron como lenda urbana baseándose nas antigas subvencións para a galeguización das empresas xunto coa campaña da antiga Secretaría Xeral de Política Lingüística que se lles facía chegar ás nais nas maternidades material sobre nomes en galego para as pequenas e os pequenos. Mais en todo caso, é unha idea completamente absurda. Eu cando menos vexo por un lado, inmoral que se especule economicamente nalgo tan íntimo como o nome dun fillo ou filla, e outra, quen di que Pedro non é tan galego como Cibrán? Un pode que sexa exclusivo da nosa lingua, mais non por iso deixa de ser galego o outro. Cal sería o límite para estas supostas subvencións? Desde logo, o único que se busca con espallar este tipo de ideas é a imaxe dunha lingua que precisa de alicientes externos, dunha lingua e unha identidade que só pode sobrevivir a base de subvencións, e iso nin é desexábel nin é certo.

## O DEREITO AO USO DA LINGUA EN PRIVADO E EN PÚBLICO

A Mesa puxo en marcha numerosas campañas que se dirixen directamente á cidadanía para informar sobre os seus dereitos e tamén que a partir desta toma de conciencia xurda a reivindicación individual: os históricos 10 puntos de “Que se fale e escriba en galego tamén depende de ti” onde se dán algunhas pautas para o cambio ao galego e o mantemento nesta lingua para conseguir a implicación no proceso de normalización lingüística, ou a máis recente “Tes dereito a unha atención en galego” onde se informa da Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público que por fin recolle a obriga individual do funcionariado a garantir o atendimento na lingua que a persoa administrada o solicitar (até este momento a obriga da Administración aparentaba ser algo abstracto que só se materializaba, como moito, na documentación escrita).

Que se fale e escriba en galego tamén depende de ti



Tes dereito a unha atención en galego



De todas elas, gustaríame salientar a campaña "Exixe un servizo de calidade; exixe un servizo en galego" pola súa incidencia do uso da lingua nos servizos privados. A nosa Lei de normalización lingüística de mínimos só recolle o dereito ao uso do galego, mais non desenvolve ningún epígrafe sobre o uso da lingua nas entidades privadas que teñen unha dimensión pública [lembrems que os ámbitos que trata son o da Administración, o ensino, os medios de comunicación e o galego exterior]. Malia que non recolla especificamente ningunha lei que as persoas galegofalantes temos dereito a usar e ser atendidas na nosa lingua nas entidades privadas que ofrezan atendimento ao público (no anteproxecto da Lei do comercio que non se chegou a aprobar aparecían recollidos por primeira vez os dereitos lingüísticos neste ámbito), nós temos o dereito como cidadás e cidadáns a usarmos a nosa lingua, tanto na súa vertente activa como na pasiva, en calquera situación.

## Exixe un servizo de calidade; exixe un servizo en galego



**ESIXE UN SERVIZO DE CALIDADE.**  
**ESIXE ATENCIÓN EN GALEGO**

Calquera servizo, público ou privado é deficiente se non ten en conta as esixencias razoables dos clientes. En Galia a maioría das persoas notamos ese déficit ao carecer de atención en lingua galega en empresas tan importantes como os bancos ou as compañías telefónicas.

**A ESIXENCIA INDIVIDUAL É IMPRESCINDÍBEL.** Coa reclamación individual lógranse estradados avances no uso do galego. **SEN RECLAMACIÓNS NON HAI CONQUISTAS.**

Estes días podemos observar unha campaña de Telefónica, amplamente difundida en galego. Ou que Caixa Galicia comenza a usar o galego no seu traballo. Son os frutos destas chamadas, esixencias e presións. A máis presión, maior avance do galego.

**LEVA MENDOS TEMPO SOLICITAR QUE CHARLAR SOBRE O ASUNTO.**

As chamadas dos clientes condicionan seriamente ás compañías, porque o descontento resulta moi negativo e porque intón que a posibilidade de cambiar de empresa é certa.

O mesmo sucede cós reclamacións colectivas como a que estamos a levar desde A Mesa para a galeguización dos Bancos e as Casas de Aforro.

**E LEMBRA QUE**  
O momento da reclamación individual non ten por que ser desagradábel ou tenso. Pode e debe ser cordial. A persoa que está ao outro lado do fío é unha traballadora que debe escoitar e apuntar a reclamación e máis nada. E unha torpeza dirixirse a ela como se fose a dona do banco ou da compañía, ou comenza un diálogo de xordos se di que non entende o galego. Esixe simplemente que quede constancia da túa solicitude. E non teñas dúbida: este tipo de reclamacións son escoitadas.

Todas e todos os que afirmamos que somos cidadás e cidadáns de pleno dereito falándonos galego somos axentes normalizadores da lingua, e como tal debemos actuar. Por exemplo, suxeríndomos naquelas entidades privadas onde non se faga a que empreguen o galego. Debemoslles facer chegar tamén ás empresas como consumidoras e consumidores que é o que nos gusta e contribuírmos contratando os servizos ou mercando os produtos das empresas que apostan pola nosa lingua. Se unha marca de móbiles non emprega o galego no seu software non debemos comprar os seus produtos, pois non nos están a respectar os nosos dereitos, mais deberían ter constancia de por que non o facemos (cun correo, cunha carta, cunha chamada). E se unha empresa etiqueta os seus produtos na nosa lingua e emprega a nosa toponimia lexítima,

debemos apoiála e facerlle chegar os nosos parabéns. Se nun restaurante os cubertos non están limpos, queixámonos, do mesmo xeito que se o servizo e a comida foi boa, deixamos propina. Pois exactamente o mesmo deberíamos facer se a carta non estiver en galego, pois ademais dunha vulneración dos nosos dereitos están a conculcar lexislación referente á hostalaría. Mais tamén debemos parabenizar aquel establecemento que nos oferte a carta en galego, pois así o empresario que o fai convencido reafírmase e o que o fai por obriga ve que é algo positivo para a súa clientela.

No caso das vulneracións dos nosos dereitos lingüísticos, temos diferentes procesos a seguir dependendo de se se producir nunha Administración ou noutra ou se for nunha entidade privada. Como di a campaña “Exixe atención en galego”, “o momento da reclamación individual non ten por que ser desagradábel ou tenso. Pode e debe ser cordial”. Non é adecuado increparmos a persoa que nos está a atender e establecer un diálogo de xordos se nos di que non entende galego. Se ben non podemos tolerar baixo ningún concepto que nos atenda unha má traballadora ou traballador, pois quen non nos queira atender na nosa lingua está a cumprir defectuosamente co seu traballo, se está aí é porque a política de contratación que se está a seguir nesa entidade non busca garantir os dereitos das persoas usuarias e ofrecerlles un atendimento de calidade.

Na documentación ofrecida deseguido, podedes consultar varios modelos de reclamación a entregar se houber unha vulneración no atendimento oral ou escrito, ou polo uso de toponimia deturpada. Este documento, por certo, foi elaborado polos activos e traballadores socios e socias da Mesa da Zona de Lugo, que podedes descargar no seu blog<sup>11</sup> e consultardes de paso todas as campañas que desenvolven nesta zona.

Das conculcacións na Administración estatal débese dar conta ao departamento/ministerio onde se producir, á Secretaría Xeral de Política Lingüística (pois é a encargada de elaborar propostas lexislativas e

---

<sup>11</sup> <http://amesalugo.blogspot.com/2009/03/modelo-de-reclamacion-fronte.html>

reglamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega), á Oficina das Linguas Oficiais (departamento dependente do Ministerio de Política Territorial encargado do estudo, a promoción, o asesoramento, a planificación e a constatación do uso das linguas oficiais, tanto nos servizos centrais como na estrutura periférica da Administración xeral do Estado) e ao Defensor do Pobo; e tamén se houber algún departamento específico de defensa do usuario, como o documento que tedes adxunto que está dirixido ao Defensor do Contribuínte para as vulneracións cometidas pola Axencia Tributaria.

As que se produciren no ámbito das administracións nacionais, provinciais e locais débense remitir ao propio departamento, tamén á Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao Valedor do Pobo e á Inspección Xeral de Servizos, que é o departamento dependente da Consellaría de Administracións Públicas encargado de recomendar a adopción de medidas para emendar as anomalías detectadas dentro da Administración nacional, mentres que para as vulneracións producidas no ámbito privado, recomendamos o envío das queixas tanto á Secretaría Xeral de Política Lingüística como ao Instituto Galego de Consumo.

Cómpre facermos chegar sempre a nosa queixa cando se producir algunha vulneración dos nosos dereitos, foren lingüísticos como foren de calquera tipo. Somos administradas e administrados que pagamos os nosos impostos sen que se nos reduzan cando non nos atenden adecuadamente nunha administración; somos usuarias e usuarios que non recibimos descontos por aguantarmos toponimia deturpada ou que nos menosprecen por empregarmos a nosa lingua. Somos cidadás e cidadáns de pleno dereito e, por tanto, debemos facer activismo lingüístico a través das canles que o sistema democrático nos permitir.

Só cunha postura activa e firme en defensa dos nosos dereitos lingüísticos, conseguiremos as soñadas mil primaveras máis para o noso idioma.

## DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

1. Información sobre o trámite de galeguización/corrección de nomes e apelidos
2. Solicitude de cambio de nome e/ou apelido(s) para o Rexistro
3. Solicitude de modificación de nome e/ou apelido(s) para o documento de identidade
4. Modelo de reclamación pola vulneración dos dereitos lingüísticos na administración (débase empregar o modelo en castelán só cando sexa dirixido a unha administración situada fóra do territorio administrativo galego)
5. Modelo de reclamación pola vulneración dos dereitos lingüísticos das persoas contribuíntes
6. Modelo de queixa dirixida á Inspección Xeral de Servizos
7. Folla de reclamación dirixida ao Instituto Galego de Consumo

## COMO GALEGUIZARES O NOME E/OU APELIDO

Desde hai uns anos existe unha normativa sobre onomástica que recoñece a nosa identidade cultural e lingüística, a igualdade entre a nai e o pai na transmisión dos seus apelidos e que ademais favorece a recuperación dos apelidos menos frecuentes. A lexislación actual permite modificar a forma dun nome ou apelido castelanizados para recuperar a xenuína galega, decidir a orde dos apelidos para unha crianza no momento da inscrición no Rexistro Civil, así como traducir para o galego antropónimos procedentes doutras linguas

Se es maior de idade, só tes que solicitar por escrito no Rexistro Civil que che muden o nome polo seu equivalente en lingua galega. Para isto, debes presentar unha instancia (documento a seguir, tamén dispoñíbel na páxina web da Mesa para a descargares), unha copia do DI e unha copia literal do teu certificado de nacemento.

Pode ser que a persoa encargada do Rexistro Civil considere que tes que probar por algún “medio oportuno” a equivalencia do nome galego co orixinal e da grafía correcta deste. En todo caso, cun escrito favorábel dunha persoa licenciada ou doutorada en Filoloxía Galega sería suficiente, mais tamén poderías acudir a algunha institución como o ILG ou os departamentos de galego das Universidades para che expediren un certificado.

Despois da modificación no Rexistro, é conveniente que o corriñas tamén no documento de identidade para que figure nel a nova forma correcta. Sempre que o carné estea en vigor, isto é, que o cambio se faga unicamente para substituír o nome ou os apelidos polo seu equivalente en galego, o trámite é de balde. Chega con ires á Comisaría da Policía co teu carné, unha foto e o documento do Rexistro Civil en que figuren o nome ou os apelidos corrixidos.

Logo de actualizares o carné de identidade, recomendámosche que modifiques todos os documentos identitarios (carné de conducir, pasaporte, tarxeta sanitaria...), así como que llelo notifiques ao teu banco e ás entidades con que teñas relación (empresas de telefonía, da luz, do gas etc). Lamentablemente, non é posíbel a modificación da documentación expedida con anterioridade ao cambio do nome, como os títulos académicos. Porén, o carné de identidade, e mesmo o xustificante do Rexistro onde se indica a data do cambio do nome, son documentación suficiente para te acreditar.

Os prazos do trámite dependen moito do Rexistro Civil; aínda así, animámoste a recuperares a verdadeira forma galega do teu nome e/ou apelidos, pois o esforzo paga a pena. De todos os xeitos, se tiveres calquera problema nesta tramitación, pódesho transmitir á **Liña do Galego** para che asesorarmos e xestionarmos as solucións, ben no teléfono 902 10 64 74, ben no correo-  
e [linhadogalego@amesanl.org](mailto:linhadogalego@amesanl.org).

D./D<sup>a</sup> ....., con documento de identidade n.º....., e con enderezo en .....,

ao abeiro do establecido no artigo 54, parágrafo terceiro, da Lei 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, modificado polo artigo 2 da Lei 40/1999, do 5 de novembro, sobre nome e apelidos e orde destes, por medio deste escrito, manifesta a súa vontade de que se substitúa o **nome propio / apelido** de ....., que figuraba ata agora na inscrición de nacemento que consta nese Rexistro, polo de ....., que é o seu equivalente onomástico en lingua galega.

Segundo o exposto, solicita de vostede que, presentado este escrito –ao que xunto fotocopia do documento de identidade e certificación literal da partida de nacemento–, acorde a práctica da inscrición marxinal de substitución do **nome/apelido** no correspondente folio de rexistro de nacemento, na forma galega anteriormente expresada.

....., ..... de ..... de 2009

Asinado:

SR/A. XUÍZ/A DO REXISTRO CIVIL DE .....

D./D.<sup>a</sup>....., con documento de identidade n.º....., e con enderezo en .....

ao abeiro do establecido na Orde do 18 de abril de 1995, sobre renovación do documento de identidade para substituír o nome propio polo equivalente en calquera das linguas do Estado, solicita que se proceda á substitución do nome propio/apelido de ....., polo de ....., que é o seu equivalente onomástico en lingua galega.

(Achégase copia da certificación do Rexistro Civil en que figura o cambio do nome/apelido para o galego).

..... de ..... de 2009

Asinado: .....

COMISARÍA DE POLÍCIA DE .....

D./Dña. ...., con DNI ....., e  
endereço para os efectos de notificación en  
.....

EXPOÑO:

Que realicei unha xestión administrativa na Delegación de ..... na localidade de  
..... **da Consellaría / do Ministerio** de.....  
na oficina/unidade de .....

Que fun atendida/o pola/o funcionario (identificar se é posíbel)  
.....

Para o caso de ter procedemento en tramitación este é o nº de expediente (opcional)  
.....

En calidade de  cidadán/á con procedemento administrativo en tramitación  
 demandante de información

Que quero pór no seu coñecemento que **non se respectaron os meus dereitos lingüísticos ao non ser correctamente atendido/a en lingua galega**, malia ser a miña opción persoal, nos aspectos que se sinalan a continuación:

- Documentación escrita que me foi entregada
- Atendimento oral
- Sinalética das instalacións

Exposición dos feitos (opcional):

Que esta situación contradí abertamente o disposto no art. 5.3. do Estatuto de Autonomía de Galiza, o art. 36 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; os arts. 3, 4.1, 6.1 e 2 e 11.1 da Lei 3/1983 de normalización lingüística; o art. 54.11 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; os arts. 5 e 6 do Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración; así como os obxectivos xerais do Plan xeral de normalización da lingua galega.

Por todo o anterior **SOLICITO** de vostede que

1. Tome as medidas axeitadas para que se corrixa esta situación e o servizo a que fago referencia dispoña de medios persoais e materiais que permitan o uso normal do galego no departamento devandito, tanto na vertente activa de empregalo con normalidade como na pasiva de ser atendido nesta lingua e dispór nela de documentación e sinalética axeitada.
2. Para o caso de non o facer, fágame saber os motivos por escrito, para o pór en coñecemento doutras instancias, administrativas e xudiciais.

, de de

CONSELLEIRA/O DE / MINISTRA/O DE .....

D./Dña. ...., con DNI nº ....., y dirección a efectos de notificación en .....

Realicé una gestión administrativa en la Delegación de ..... en la localidad de ..... del Ministerio de..... en la oficina/unidad de ..... y fui atendida/o por el/la empleado/a público/a (identificar se é posíbel) .....

Para el caso de tener procedimiento en tramitación este es el número de expediente (opcional) .....

En calidad de  ciudadana/o con procedimiento administrativo en tramitación  
 demandante de información

Y que quiero poner en su conocimiento que **no se respetaron mis derechos lingüísticos al no ser correctamente atendida/o en lengua gallega**, a pesar de ser mi opción personal, en los aspectos que se señalan a continuación:

- Documentación escrita que me fue entregada
- Atención oral
- Sinaléctica de las instalaciones

Exposición de los hechos (opcional):

Esta situación contradice abiertamente lo dispuesto en el artículo 5.3. del Estatuto de Autonomía de Galiza, el art. 36 de la Ley 30/1992, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común; los arts. 3, 4.1, 6.1 y 2 y 11.1 de la Ley 3/1983 de normalización lingüística; el art. 54.11 de la Ley 7/2007, del 12 de abril, del Estatuto básico del empleado público; los arts. 5 y 6 del Real Decreto 1465/1999, de 17 de septiembre, por el que se establecen criterios de imagen institucional y se regula la producción documental y el material impreso de la Administración; así como los objetivos generales del Plan general de normalización de la lengua gallega.

Por todo lo anterior **SOLICITO** de usted que

1. Tome las medidas adecuadas para que se corrija esta situación y el servicio a que hago referencia disponga de medios personales y materiales que permitan el uso normal del gallego en dicho departamento, tanto en la vertiente activa de utilizarlo con normalidad como en la pasiva de ser atendida/o en esta lengua y disponer en ella de documentación y sinaléctica adecuada.
2. Para el caso de non hacerlo, hágame saber los motivos por escrito, para ponerlo en conocimiento de otras instancias, administrativas y judiciales.

, de de

MINISTRA/O DE .....